

A Coruña, a 24 de marzo de 2023.

**Resolución do Xuíz Único da Federación Galega de Natación**

**ASUNTO: ACTA Nº3 TEMP 2022-23.**

**Equipos participantes: C.W. Pontevedra- R.C.N. Vigo.**

**Competición: Liga Galega Waterpolo Alevín Mixta.**

**Data de celebración: 12/03/2023.**

**FEITOS**

- O día 15 de marzo foi remitido pola Secretaria da FEGAN a este Xuíz acta e anexo adxunto asinado polos arbitros do encontro no que se recolle:

*Durante as verificacións previas ao comezo do encontro advírtese que a xogadora nº 10 local, Dna. A. Borrego Corral (nº lic. 1180164) non presenta DNI alegando non dispoñer del pola súa idade.*

*Asemade, a xogadora nº 2, Dna. C. Guerrero Valladares (nº lic. 1224963) presenta unha fotocopia recortada en tamaño carné, a cor en ambas caras e plastificada do seu DNI; estando dita copia sen compulsar”.*

- O día 15 de marzo deuse trámite de audiencia aos interesados polo prazo de dous días hábiles inmediatamente seguintes á comisión dos feitos (art.22.2 Libro III Rex Discipl. FEGAN), sen presentar alegacións.

**CONSIDERANDO**

- Que a redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade “iuris tantum” que non foi desvirtuada.
- Tal e como dixemos respecto da documentación a aportar previa a disputa dun encontro, neste caso o documento identificativo de cada xogador a normativa recolle: **Normativa General de Waterpolo Temporada 2022-23 Norma 5.3.1.** “El club organizador en cada partido, deberá tener preparado el campo de juego reglamentario, por lo menos 30 minutos antes de la hora señalada para el comienzo del mismo. Todos los miembros de los dos equipos deben ir acreditados (ficha, DNI o carnet de conducir.”.
- **Licenzas e cotas Tempada 2021/22 - 2022/23 Circular 21-04 Norma 5.5** Acreditación de identidade:  
“...A presentación do DNI ou pasaporte para os menores de 14 anos con nacionalidade española é optativa aínda que se recomenda que se realice”.
- **Normativa General de Waterpolo Temporada 2022-23 1. 4. Categorías de Edades** Las categorías de edades son: a) **Categoría benjamín: deportistas de 9 y 10 años (nacidos en 2013-2014)** b) **Categoría alevín: deportistas de 11 y 12 años (nacidos en 2011-2012)** c) **Categoría infantil: deportistas de 13 y 14 años (nacidos en 2009-2010).**
- A vista da normas, o certo é que por un lado e evidente a obrigatoriedade de identificarse con DNI ou documento equivalente antes do inicio do encontro, mais dado que a normativa de tramitación das licenzas admite que os menores de 14 anos poden solicitar a mesma sen contar co DNI (posto que non e obrigatorio, so recomendable) entendemos que sería unha incongruencia sancionar a non presentación dun documento que, ademais de non existir posto que non foi expedido, non foi esixido previamente para poder obter licenza e disputar a competición.
- Neste caso concreto o club non dixo nada no prazo concedido, mais do

reflectido no anexo semella un caso similar ao da acta nº2 posto que nos di que a nena non conta con DNI. Dado que a Federación otorgoulle a licenzia xa que norma de obtención das mesmas permitelles obtela sen DNI, non podemos entender que a conduta sexa sancionable toda vez que existe unha norma que ampara a non aportación previa do DNI. Ademais a presentación dun documento inexistente sería obrigar a o club a recurrir a unha "proba diabólica" o cal esta vedado en dereito.

- No caso da fotocopia o certo é que, se ben non é moi ortodoxo, entendemos que dada a idade das que estamos falando, non podemos ser tan estritos como no caso de idades superiores nas que os xogadores xa poden ser responsables da súa documentación sendo lóxico que aporten orixinais ou compulsas. Neste caso, tratándose de nenos pequenos entendemos que a exhibición dunha fotocopia do DNI (se ben sen compulsas) pode ser suficiente para comprobar a identidade da xogadora, e entendemos que non debe ser obxecto de sanción.
- Por todo elo, e en definitiva, entendemos que non pode sancionarse a non presentación dun documento que non existe posto que non foi expedido (DNIs) e toda vez que aos menores de 14 anos non lles foi requerido para a obtención da licenza. Insistimos, sempre NO EXCLUSIVO CASO DOS MENORES DE 14 ANOS (CATEGORÍAS BENXAMIN, ALEVIN E INFANTIL).
- No caso da fotocopia do DNI sen compulsar tampouco vai ser obxecto de sanción, dada a escasa idade dos pequenos xogadores.

• **RESOLVE**

- O arquivo do expediente iniciado fronte ao CW Pontevedra cat. Alevín Mixta.

Vista a presente resolución, esta será de aplicación inmediata independentemente da posibilidade de interpoñer recurso contra a mesma ante o Comité de Apelación, no prazo de dez días a partir da recepción da presente.

D. Miguel Dios Blanco  
Comité de Competición da FEGAN